



MEMORIA XUSTIFICATIVA SOBRE O CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA (IMELGA) PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES DE ESTUDANTES DO GRAO EN MEDICINA

1.- O Decreto 42/2024, do 14 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e na súa disposición transitoria prevé o seu posterior desenvolvemento. O Decreto 49/2024, do 22 de abril, fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 136/2024, do 20 de maio, concreta a estrutura da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, á que lle corresponde, no exercicio das súas competencias, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de deportes, xustiza, administración local, relacións institucionais e parlamentarias, emerxencias e interior, relacións exteriores e coa Unión Europea e mobilidade, e entre os seus obxectivos está o de promover actuacións en colaboración con institucións sen fins de lucro como as universidades.

2.- O Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios, establece no seu artigo 8.1.a) a posibilidade de que os estudantes matriculados en ensinanzas impartidas pola Universidade realicen prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares. Pola súa parte, o Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante, establece no seu artigo 8.f) o dereito dos estudantes á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas.

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela establecen, na súa disposición adicional primeira, que "a Universidade de Santiago de Compostela poderá contar coa colaboración de profesionais externos no desenvolvemento de actividades prácticas derivadas de convenios ou acordos con ela, para impartiren prácticas tuteladas externas, segundo o que se estableza nestes convenios, e procurará o adecuado recoñecemento desta colaboración". Así mesmo, no artigo 51.f) indican que unha función das facultades e escolas é a promoción e implantación de medidas para a realización de prácticas externas.

A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC), de aí que sexa un dos seus obxectivos o complementar a súa formación teórica mediante as prácticas en entidades que lles permite coñecer a realidade laboral.

3.- **OBXECTO.** O convenio ten por obxecto o establecemento dun programa para a realización de prácticas (extracurriculares ou curriculares) académicas externas dos alumnos nas instalacións do IMELGA, así coma a colaboración dos seus expertos para a parte da docencia teórico-práctica que fose precisa.

Complexo Administrativo de San Caetano
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela





4.- **FINALIDADE.** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional anteriormente referido cunha vixencia de catro anos dende a súa sinatura e, en todo caso, polo tempo que duren as prácticas do alumnado, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de común acordo polas partes e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo con un ano de antelación.

5.- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes considera necesario colaborar no sistema de formación práctica do alumnado da USC, ao entender que esta actividade pode resultar de grande interese para completar a formación dos futuros profesionais e facilitar a futura inserción laboral mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas.

6.- **FINANCIAMENTO.** O presente convenio non comporta obrigas financeiras ou contraprestación económica para ningunha das partes.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 de dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

